$\vec{v} = (v_1, v_2, v_3)$ un vector coa dirección de r (**vector director**)

λ un número real



A ecuación da recta que pasa por A e ten a dirección do vector $\vec{v}$, pode expresarse como:

$$\begin{aligned} \vec{p} &= \vec{a} + \lambda \vec{v}, \forall \lambda \in \mathbb{R} \\ &\Updownarrow \\ (x, y, z) &= (x_1, y_1, z_1) + \lambda(v_1, v_2, v_3), \forall \lambda \in \mathbb{R} \end{aligned}$$

Ecuación vectorial

Exemplo: A ecuación vectorial da recta que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vector director $\vec{v} = (-2, 2, 3)$ é:
 $(x, y, z) = (1, 2, 0) + \lambda(-2, 2, 3), \forall \lambda \in \mathbb{R}$.

Dada a ecuación vectorial da recta r : $(x, y, z) = (x_1, y_1, z_1) + \lambda(v_1, v_2, v_3)$, deducimos que

$(x, y, z) = (x_1, y_1, z_1) + (\lambda v_1, \lambda v_2, \lambda v_3) = (x_1 + \lambda v_1, y_1 + \lambda v_2, z_1 + \lambda v_3)$, entón a ecuación da recta pode expresarse como:

$$\begin{cases} x = x_1 + \lambda v_1 \\ y = y_1 + \lambda v_2, \quad \forall \lambda \in \mathbb{R} \\ z = z_1 + \lambda v_3 \end{cases}$$

Ecuacións paramétricas

Exemplo: As ecuacións paramétricas da recta que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vector director

$$\vec{v} = (-2, 2, 3) \text{ son: } \begin{cases} x = 1 - 2\lambda \\ y = 2 + 2\lambda, \quad \forall \lambda \in \mathbb{R} \\ z = 3\lambda \end{cases}$$

Despexando λ nas ecuacións paramétricas obtemos: $\lambda = \frac{x-x_1}{v_1}$, $\lambda = \frac{y-y_1}{v_2}$, $\lambda = \frac{z-z_1}{v_3}$, de onde

deducimos:

$$\frac{x-x_1}{v_1} = \frac{y-y_1}{v_2} = \frac{z-z_1}{v_3}$$

Ecuacións continuas

Exemplo: As ecuacións continuas da recta que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vector director $\vec{v} = (-2, 2, 3)$

son: $\frac{x-1}{-2} = \frac{y-2}{2} = \frac{z}{3}$.

Das ecuacións continuas deducimos:

$$\left. \begin{aligned} \frac{x-x_1}{v_1} &= \frac{y-y_1}{v_2} \\ \frac{x-x_1}{v_1} &= \frac{z-z_1}{v_3} \end{aligned} \right\} \Rightarrow \left. \begin{aligned} y &= \frac{v_2}{v_1}x - \frac{v_2}{v_1}x_1 + y_1 \\ z &= \frac{v_3}{v_1}x - \frac{v_3}{v_1}x_1 + z_1 \end{aligned} \right\}, \text{ chamando}$$

$a = \frac{v_2}{v_1}$, $b = -\frac{v_2}{v_1}x_1 + y_1$, $a' = \frac{v_3}{v_1}$, $b' = -\frac{v_3}{v_1}x_1 + z_1$, temos as ecuacións:

$$\begin{cases} y = ax + b \\ z = a'x + b' \end{cases}$$

Ec. Reducidas

Exemplo: Ecuacións reducidas da recta que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vector director $\vec{v} = (-2, 2, 3)$:

$$\begin{cases} y = -x + 3 \\ z = -\frac{3}{2}x + \frac{3}{2} \end{cases}$$


As ecuacións reducidas da recta se chaman tamén ecuacións implícitas da recta. En xeral, as ecuacións implícitas da recta son dúas ecuacións de primeiro grao:

$$\begin{cases} Ax + By + Cz = D \\ A'x + B'y + C'z = D' \end{cases}$$

Sexan $A(x_1, y_1, z_1)$ e $B(x_2, y_2, z_2)$ dous puntos distintos da recta r , o vector, $\vec{v}$, definido por AB ten por coordenadas, $(x_2 - x_1, y_2 - y_1, z_2 - z_1)$, como $\vec{v}$ ten a mesma dirección que r , substituíndo nas ecuacións continuas temos:

$$\frac{x-x_1}{x_2-x_1} = \frac{y-y_1}{y_2-y_1} = \frac{z-z_1}{z_2-z_1}$$


Recta que pasa por dous puntos



Exemplo: Para a recta que pasa polos puntos $A(4, 2, 1)$, $B(2, 4, 4)$, o vector director é $\vec{v} = (-2, 2, 3)$, entón a

ecuación continua será: $\frac{x-4}{-2} = \frac{y-2}{2} = \frac{z-1}{3}$.

Ecuación dos eixes de coordenadas



	Vectorial	Paramétrica	Continua
Eje OX	$\vec{r} = t \vec{i}$	$\begin{cases} x = t \\ y = 0 \\ z = 0 \end{cases}$	$\frac{x}{1} = \frac{y}{0} = \frac{z}{0}$
Eje OY	$\vec{r} = t \vec{j}$	$\begin{cases} x = 0 \\ y = t \\ z = 0 \end{cases}$	$\frac{x}{0} = \frac{y}{1} = \frac{z}{0}$
Eje OZ	$\vec{r} = t \vec{k}$	$\begin{cases} x = 0 \\ y = 0 \\ z = t \end{cases}$	$\frac{x}{0} = \frac{y}{0} = \frac{z}{1}$

As ecuacións implícitas serían:

Eixe OX	$y = 0$ $z = 0$
Eixe OY	$x = 0$ $z = 0$
Eixe OZ	$x = 0$ $y = 0$


Ecuacións do plano

Un plano no espazo queda determinado cando se coñece un dos seus puntos e dous vectores de dirección que sexan independentes. As ecuacións dun plano son expresións alxébricas que permiten decidir que puntos pertencen ao plano e que puntos non pertencen.

Sexa $P(x, y, z)$ un punto arbitrario dun plano π , definido por un punto fixo do plano $A(x_1, y_1, z_1)$ e dous vectores, $\vec{v}$ e $\vec{u}$, linealmente independentes (*vectores directores*)

$\vec{v} = (v_1, v_2, v_3)$; $\vec{u} = (u_1, u_2, u_3)$; $\vec{p}$ vector $[\vec{OP}]$;

$\vec{a}$ vector $[\vec{OA}]$; λ, μ números reais



A ecuación do plano, π , que pasa por A e ten por vectores directores $\vec{v}$ e $\vec{u}$, pode expresarse como:

$$\begin{aligned} \vec{p} &= \vec{a} + \lambda \vec{v} + \mu \vec{u}, \forall \lambda, \mu \in \mathbb{R} \\ &\Updownarrow \\ (x, y, z) &= (x_1, y_1, z_1) + \lambda(v_1, v_2, v_3) + \mu(u_1, u_2, u_3), \forall \lambda, \mu \in \mathbb{R} \end{aligned}$$

Ecuación vectorial

Exemplo: A ecuación vectorial do plano que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vectores directores $\vec{v} = (-2, 2, 3)$, $\vec{u} = (4, 0, 1)$ é: $(x, y, z) = (1, 2, 0) + \lambda(-2, 2, 3) + \mu(4, 0, 1), \forall \lambda, \mu \in \mathbb{R}$.

Dada a ecuación vectorial do plano π : $(x, y, z) = (x_1, y_1, z_1) + \lambda(v_1, v_2, v_3) + \mu(u_1, u_2, u_3)$, deducimos

$$\begin{aligned} (x, y, z) &= (x_1, y_1, z_1) + (\lambda v_1, \lambda v_2, \lambda v_3) + (\mu u_1, \mu u_2, \mu u_3) = \\ &= (x_1 + \lambda v_1 + \mu u_1, y_1 + \lambda v_2 + \mu u_2, z_1 + \lambda v_3 + \mu u_3) \end{aligned}$$

entón a ecuación do plano pode expresarse como:

$$\begin{cases} x = x_1 + \lambda v_1 + \mu u_1 \\ y = y_1 + \lambda v_2 + \mu u_2, \forall \lambda, \mu \in \mathbb{R} \\ z = z_1 + \lambda v_3 + \mu u_3 \end{cases}$$

Ecuacións paramétricas

Exemplo: As ecuacións paramétricas do plano que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vectores directores

$$\vec{v} = (-2, 2, 3), \vec{u} = (4, 0, 1) \text{ son: } \begin{cases} x = 1 - 2\lambda + 4\mu \\ y = 2 + 2\lambda \\ z = 3\lambda + \mu \end{cases}, \forall \lambda, \mu \in \mathbb{R}.$$

O vector $\vec{AP} = (x - x_1, y - y_1, z - z_1)$ é combinación lineal dos vectores directores entón:

$$\det(\vec{AP}, \vec{v}, \vec{u}) = 0, \text{ isto implica que: } \begin{vmatrix} x - x_1 & y - y_1 & z - z_1 \\ v_1 & v_2 & v_3 \\ u_1 & u_2 & u_3 \end{vmatrix} = 0$$

Calculando o determinante anterior chegamos a unha expresión da forma:


$$ax + by + cz + d = 0$$

Ecuación implícita

Exemplo: A ecuación implícita do plano que pasa polo punto $A(1, 2, 0)$ e ten por vectores directores

$$\vec{v} = (-2, 2, 3), \vec{u} = (4, 0, 1) \text{ será: } \begin{vmatrix} x-1 & y-2 & z \\ -2 & 2 & 3 \\ 4 & 0 & 1 \end{vmatrix} = 2x + 14y - 8z - 30 \Rightarrow x + 7y - 4z - 15 = 0$$

Dados tres puntos non aliñados $A(x_1, y_1, z_1)$, $B(x_2, y_2, z_2)$ e $C(x_3, y_3, z_3)$, os vectores $\vec{v} = \vec{AB}$ e $\vec{u} = \vec{AC}$ son linealmente independentes e o plano $\pi(A, \vec{v}, \vec{u})$, que contén aos tres puntos, ten como ecuación:



$$\begin{vmatrix} x - x_1 & y - y_1 & z - z_1 \\ x_2 - x_1 & y_2 - y_1 & z_2 - z_1 \\ x_3 - x_1 & y_3 - y_1 & z_3 - z_1 \end{vmatrix} = 0$$

Plano determinado por tres puntos

Exemplo: A ecuación do plano que pasa polos puntos $A(1, 2, -1)$, $B(2, 3, 2)$ e $C(3, 2, 0)$ é a seguinte:

$$\begin{vmatrix} x-1 & y-2 & z+1 \\ 1 & 1 & 3 \\ 2 & 0 & 1 \end{vmatrix} = x + 5y - 2z - 13 = 0$$

Vector normal a un plano

Sexan $A(x_1, y_1, z_1)$ e $B(x_2, y_2, z_2)$ dous puntos do plano $\pi: ax + by + cz + d = 0$, temos que:

$$ax_1 + by_1 + cz_1 + d = 0$$


$$ax_2 + by_2 + cz_2 + d = 0$$

Restando término a término obtenemos: $a(x_2 - x_1) + b(y_2 - y_1) + c(z_2 - z_1) = 0$, é dicir,

$$(a, b, c) \cdot (x_2 - x_1, y_2 - y_1, z_2 - z_1) = 0$$

Entón o vector $\vec{n} = (a, b, c)$ é perpendicular ó vector $\vec{AB} = (x_2 - x_1, y_2 - y_1, z_2 - z_1)$, polo tanto, é perpendicular o plano π

O vector $\vec{n} = (a, b, c)$ se chama **vector normal** do plano π e é un vector perpendicular (ortogonal) ao plano



Posicións relativas de rectas e planos

Posición relativa de dous planos

Consideremos dous planos dados polas ecuacións:
$$\begin{cases} \pi: ax + by + cz + d = 0 \\ \pi': a'x + b'y + c'z + d' = 0 \end{cases}$$


e sexan as matrices: $A = \begin{pmatrix} a & b & c \\ a' & b' & c' \end{pmatrix}$, $A^* = \begin{pmatrix} a & b & c & d \\ a' & b' & c' & d' \end{pmatrix}$.

■ $\text{rango}(A) = 2 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow$ S. C. I., a intersección dos dous planos é unha recta.

$$r: \begin{cases} ax + by + cz + d = 0 \\ a'x + b'y + c'z + d' = 0 \end{cases}$$

Exemplo: Dados os planos $\pi: 2x + 4y - z = 5$, $\pi': 4x - y + z = 7$, temos que


$$\text{rango} \begin{pmatrix} 2 & 4 & -1 \\ 4 & -1 & 1 \end{pmatrix} = 2 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow \text{os planos definen unha recta.}$$



■ $\text{rango}(A) = 1 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow$ S. C. I., os planos son coincidentes.

Exemplo: Dados os planos $\pi: 2x + 4y - z = 5$, $\pi': 4x + 8y - 2z = 10$, temos que


$$\text{rango} \begin{pmatrix} 2 & 4 & -1 \\ 4 & 8 & -2 \end{pmatrix} = 1 = \text{rango} \begin{pmatrix} 2 & 4 & -1 & 5 \\ 4 & 8 & -2 & 10 \end{pmatrix} \Rightarrow \text{os planos coinciden.}$$



■ $\text{rango}(A) = 1 \neq \text{rango}(A^*) = 2 \Rightarrow$ S. I., os planos son paralelos.

Exemplo: Dados os planos $\pi: 2x + 4y - z = 5$, $\pi': 4x + 8y - 2z = 1$, temos que

$$\text{rango} \begin{pmatrix} 2 & 4 & -1 \\ 4 & 8 & -2 \end{pmatrix} = 1 = \text{rango} \begin{pmatrix} 2 & 4 & -1 & 5 \\ 4 & 8 & -2 & 1 \end{pmatrix} \Rightarrow \text{os planos son paralelos.}$$



■ Dado un plano de ecuación $\pi: ax + by + cz + d = 0$, o conxunto de todos os planos paralelos a π teñen unha ecuación da forma $ax + by + cz + k = 0$, onde k é un número real calquera. En particular a ecuación do plano paralelo a π que pasa pola orixe de coordenadas é $ax + by + cz = 0$.

Exemplo: Dado o plano $\pi: 2x - 3y + z + 7 = 0$, os planos paralelos teñen son $2x - 3y + z + k = 0$, se queremos calcular o plano paralelo que pasa por un punto concreto, por exemplo $A(2, 1, -5)$, substituímos as coordenadas do punto na ecuación dos planos paralelos para calcular k :

$$2 \times 2 - 3 \times 1 + 1 \times (-5) + k = 0 \Rightarrow k = 4$$

entón a ecuación do plano paralelo a π que pasa polo punto A é: $2x - 3y + z + 4 = 0$.

Posición relativa de tres planos

Dados tres planos de ecuacións:


$$\begin{cases} \pi: & ax + by + cz + d = 0 \\ \pi': & a'x + b'y + c'z + d' = 0 \\ \pi'': & a''x + b''y + c''z + d'' = 0 \end{cases}$$

consideremos as matrices:

$$A = \begin{pmatrix} a & b & c \\ a' & b' & c' \\ a'' & b'' & c'' \end{pmatrix}, \quad A^* = \begin{pmatrix} a & b & c & d \\ a' & b' & c' & d' \\ a'' & b'' & c'' & d'' \end{pmatrix}$$


■ $\text{rango}(A) = 3 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow S. C. D.$

(a intersección dos tres planos é un punto)




■ $\text{rango}(A) = 2 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow S. C. L.$

(a intersección dos tres planos é unha recta)





■ $\text{rango}(A) = 1 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow S. C. I.$

(os planos son coincidentes)



■ $\text{rango}(A) = 2 \neq \text{rango}(A^*) = 3 \Rightarrow S. I.$


(os tres planos non coinciden en ningún punto)



▼

■ $\text{rango}(A) = 1 \neq \text{rango}(A^*) = 2 \Rightarrow S. I.$ (os

tres planos son paralelos)





Posición relativa de recta e plano

Consideremos a recta, r , e o plano, π , dados polas ecuacións:

$$\begin{cases} r: & \begin{cases} ax + by + cz + d = 0 \\ a'x + b'y + c'z + d' = 0 \end{cases} \\ \pi: & a''x + b''y + c''z + d'' = 0 \end{cases}$$

e sexan as matrices: $A = \begin{pmatrix} a & b & c \\ a' & b' & c' \\ a'' & b'' & c'' \end{pmatrix}$, $A^* = \begin{pmatrix} a & b & c & d \\ a' & b' & c' & d' \\ a'' & b'' & c'' & d'' \end{pmatrix}$

$\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 3 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow \Rightarrow$ S. C. D., a intersección da recta e do plano é un punto.
 $\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 2 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow \Rightarrow$ S. C. I., a recta está contida no plano.
 $\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 2 \neq \text{rango}(A^*) = 3 \Rightarrow \Rightarrow$ S. I., a recta e o plano son paralelos.





Posición relativa de dúas rectas

Consideremos as rectas dadas polas ecuacións:



$$\begin{cases} r: & \begin{cases} ax + by + cz + d = 0 \\ a'x + b'y + c'z + d' = 0 \end{cases} \\ r': & \begin{cases} a''x + b''y + c''z + d'' = 0 \\ a'''x + b'''y + c'''z + d''' = 0 \end{cases} \end{cases}$$








e sexan as matrices: $A = \begin{pmatrix} a & b & c \\ a' & b' & c' \\ a'' & b'' & c'' \\ a''' & b''' & c''' \end{pmatrix}$, $A^* = \begin{pmatrix} a & b & c & d \\ a' & b' & c' & d' \\ a'' & b'' & c'' & d'' \\ a''' & b''' & c''' & d''' \end{pmatrix}$

$\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 3 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow$ S. C. D., a intersección das dúas rectas é un punto.
 $\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 3 \neq \text{rango}(A^*) = 4 \Rightarrow$ S. I., as rectas crúzanse (sen cortarse).



$\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 2 = \text{rango}(A^*) \Rightarrow$ S. C. I., as rectas son coincidentes.
 $\blacksquare$ $\text{rango}(A) = 2 \neq \text{rango}(A^*) = 3 \Rightarrow$ S. I., as rectas son paralelas.




RECTAS E PLANOS		
POSICIÓN RELATIVAS (Estudo con puntos e vectores directores)	Dúas rectas r e s En r P_r e $\vec{u}_r$ En s P_s e $\vec{u}_s$	r e s CRÚZANSE NO ESPAZO (non teñen puntos en común e están en distinto plano)  $\vec{u}_r \neq k \vec{u}_s$ ($\vec{u}_r$ non é paralelo a $\vec{u}_s$) e $\det(\vec{P}_r, \vec{P}_s, \vec{u}_r, \vec{u}_s) \neq 0$
		r e s CÓRTANSE nun punto (só teñen un punto en común e están nun mesmo plano)  $\vec{u}_r \neq k \vec{u}_s$ ($\vec{u}_r$ non é paralelo a $\vec{u}_s$) e $\det(\vec{P}_r, \vec{P}_s, \vec{u}_r, \vec{u}_s) = 0$
		r e s SON PARALELAS (non teñen puntos en común e están nun mesmo plano)  $\vec{u}_r = k \vec{u}_s$ ($\vec{u}_r$ é paralelo a $\vec{u}_s$) e P_r non é un punto de s (ou P_s non o é de r)
		r e s SON COINCIDENTES (todos os puntos de r o son tamén de s)  $\vec{u}_r = k \vec{u}_s$ ($\vec{u}_r$ é paralelo a $\vec{u}_s$) e P_r é un punto de s (ou P_s o é de r)
	Recta e plano r e π En π $\vec{n}_\pi(A, B, C)$ $Ax + By + Cz + D = 0$ En r P_r e $\vec{u}_r$ $\begin{cases} x = a + t u_1 \\ y = b + t u_2 \\ z = c + t u_3 \end{cases} \quad t \in \mathbb{R}$	r e π CÓRTANSE nun punto (só un dos puntos de r é un punto de π)  $\vec{u}_r \cdot \vec{n}_\pi \neq 0$ ($\vec{u}_r$ non é perpendicular a $\vec{n}_\pi$) ou tamén ao substituír as ecuacións de r en π obtemos unha ecuación do tipo $a \cdot t = b$ $a, b \neq 0$ CASO PARTICULAR: $r \perp \pi$ $\vec{u}_r = k \vec{n}_\pi$
		r e π SON PARALELOS (non hai puntos en r que estean en π)  $\vec{u}_r \cdot \vec{n}_\pi = 0$ ($\vec{u}_r$ é perpendicular a $\vec{n}_\pi$) e P_r non é un punto de π ou tamén ao substituír as ecuacións de r en π obtemos unha ecuación do tipo $0 \cdot t = b$ $b \neq 0$
		r ESTÁ CONTIDA EN π (todos os puntos de r son puntos de π)  $\vec{u}_r \cdot \vec{n}_\pi = 0$ ($\vec{u}_r$ é perpendicular a $\vec{n}_\pi$) e P_r é un punto de π ou tamén ao substituír as ecuacións de r en π obtemos unha ecuación do tipo $0 \cdot t = 0$

Ángulos entre rectas e planos


Ángulo formado por dúas rectas

■ Sexan r e s dúas rectas que se cortan, e que teñen como vectores directores $\vec{v} = (v_1, v_2, v_3)$ e $\vec{u} = (u_1, u_2, u_3)$ respectivamente, defínese o *ángulo formado polas dúas rectas* como o menor dos ángulos que forman no plano que determinan.



Ángulo formado por r e $s = \alpha = \text{Ángulo formado por } \vec{v} \text{ e } \vec{u}$

(ou o suplementario se é $> \frac{\pi}{2}$)



$$\cos(r, s) = \cos \alpha = |\cos(\vec{v}, \vec{u})|$$

Por definición de produto escalar: $\vec{v} \cdot \vec{u} = |\vec{v}||\vec{u}|\cos(\vec{v}, \vec{u}) \Rightarrow$

$$\Rightarrow \cos \alpha = |\cos(\vec{v}, \vec{u})| = \frac{|\vec{v} \cdot \vec{u}|}{|\vec{v}||\vec{u}|} = \frac{|v_1u_1 + v_2u_2 + v_3u_3|}{\sqrt{v_1^2 + v_2^2 + v_3^2} \sqrt{u_1^2 + u_2^2 + u_3^2}},$$

de onde deducimos:

$$\alpha = \arccos \frac{|\vec{v} \cdot \vec{u}|}{|\vec{v}||\vec{u}|} = \arccos \frac{|v_1u_1 + v_2u_2 + v_3u_3|}{\sqrt{v_1^2 + v_2^2 + v_3^2} \sqrt{u_1^2 + u_2^2 + u_3^2}}$$

Ángulo de dúas rectas que se cortan


Exemplo: Dadas as rectas $r: \frac{x+4}{2} = \frac{y-2}{-2} = \frac{z+1}{2}$; $s: x-2 = y+4 = \frac{z+1}{-1}$:

$$\alpha = \arccos \frac{|(2, -2, 2) \cdot (1, 1, -1)|}{\sqrt{4+4+4} \sqrt{1+1+1}} = \arccos \frac{2}{6} = 70^\circ 31' 43.6''$$

■ Se r e s son dúas rectas son *perpendiculares*:

$$\alpha = 90^\circ \Leftrightarrow \cos \alpha = 0 \Leftrightarrow \begin{cases} \vec{v} \cdot \vec{u} = |\vec{v}||\vec{u}|\cos \alpha = 0 \\ \updownarrow \\ \vec{v} \text{ e } \vec{u} \text{ son ortogonais} \end{cases} \Leftrightarrow$$

$$\Leftrightarrow v_1u_1 + v_2u_2 + v_3u_3 = 0$$



Exemplo: As rectas $r: \frac{x-3}{2} = \frac{y+2}{3} = z+1$; $s: \frac{x}{-2} = \frac{y-3}{-1} = \frac{z+1}{7}$ son

perpendiculares, dado que:

$$\vec{v} \cdot \vec{u} = (2, 3, 1) \cdot (-2, -1, 7) = -4 - 3 + 7 = 0$$

Ángulo formado por dous planos


■ Sexan $\pi: ax + by + cz + d = 0$

e $\pi': a'x + b'y + c'z + d' = 0$ dous planos que se cortan e que

teñen como vectores normais asociados $\vec{n} = (a, b, c)$ e

$\vec{m} = (a', b', c')$ respectivamente, defínese o *ángulo formado*

polos dous planos como o menor dos ángulos que determinan.



Ángulo formado por π e $\pi' = \alpha =$ Ángulo formado por $\vec{n}$ e $\vec{m}$ (ou o suplementario se $\alpha > \frac{\pi}{2}$)

$$\cos(\pi, \pi') = \cos \alpha = |\cos(\vec{n}, \vec{m})|$$

Por definición de produto escalar: $\vec{n} \cdot \vec{m} = |\vec{n}| |\vec{m}| \cos(\vec{n}, \vec{m}) \Rightarrow$

$$\Rightarrow \cos \alpha = |\cos(\vec{n}, \vec{m})| = \frac{|\vec{n} \cdot \vec{m}|}{|\vec{n}| |\vec{m}|} = \frac{|aa' + bb' + cc'|}{\sqrt{a^2 + b^2 + c^2} \sqrt{a'^2 + b'^2 + c'^2}}, \text{ de onde deducimos:}$$

$$\alpha = \arccos \frac{|\vec{n} \cdot \vec{m}|}{|\vec{n}| |\vec{m}|} = \arccos \frac{|aa' + bb' + cc'|}{\sqrt{a^2 + b^2 + c^2} \sqrt{a'^2 + b'^2 + c'^2}}$$

Ángulo de dous planos que se cortan


Exemplo: Os planos $\pi: x - 2y + z + 5 = 0$; $\pi': 2x + 4y - 2z + 1 = 0$ forman un ángulo igual a:

$$\alpha = \arccos \frac{|(1, -2, 1) \cdot (2, 4, -2)|}{\sqrt{1+4+1} \sqrt{4+16+4}} = \arccos \frac{8}{12} = 48^\circ 11' 22.87''$$

■ Dados dous planos π e π' *perpendiculares*:

$$\alpha = 90^\circ \Leftrightarrow \vec{n} \text{ e } \vec{m} \text{ son ortogonais} \Leftrightarrow \vec{n} \cdot \vec{m} = 0 \Leftrightarrow$$

$$\Leftrightarrow aa' + bb' + cc' = 0$$




Exemplo: Para os planos $\pi: 4x - 2y + z + 5 = 0$; $\pi': 2x + 3y - 2z + 7 = 0$,

temos que: $\vec{n} \cdot \vec{n}' = (4, -2, 1) \cdot (2, 3, -2) = 8 - 6 - 2 = 0$, π e π' entón son perpendiculares.

Ángulo formado por unha recta e un plano

■ Sexan r unha recta que ten por vector director $\vec{v} = (v_1, v_2, v_3)$ e $\pi: ax + by + cz + d = 0$ un plano que ten por vector normal $\vec{n} = (a, b, c)$, defínese o **ángulo formado pola recta r e o plano π** como o ángulo que forman a recta r coa súa proxección sobre o plano π .



Ángulo formado por r e $\pi = \alpha =$ Complementario do ángulo formado por $\vec{v}$ e $\vec{n}$ (ou o suplementario se é $> \frac{\pi}{2}$).

$$\sin(r, \pi) = \sin \alpha = \cos(90^\circ - \alpha) = |\cos(\vec{v}, \vec{n})|$$

Por definición de produto escalar: $\vec{v} \cdot \vec{n} = |\vec{v}| |\vec{n}| \cos(\vec{v}, \vec{n}) \Rightarrow$

$$\sin \alpha = \cos(90^\circ - \alpha) = |\cos(\vec{v}, \vec{n})| = \frac{|\vec{v} \cdot \vec{n}|}{|\vec{v}| |\vec{n}|} = \frac{|v_1 a + v_2 b + v_3 c|}{\sqrt{v_1^2 + v_2^2 + v_3^2} \sqrt{a^2 + b^2 + c^2}}, \text{ de onde deducimos:}$$


$$\alpha = \arcsen \frac{|\vec{v} \cdot \vec{n}|}{|\vec{v}| |\vec{n}|} = \arcsen \frac{|v_1 a + v_2 b + v_3 c|}{\sqrt{v_1^2 + v_2^2 + v_3^2} \sqrt{a^2 + b^2 + c^2}}$$

Ángulo entre unha recta e un plano

■ Se a recta r e o plano π son **perpendiculares**:

$$\alpha = 90^\circ \Leftrightarrow \vec{v} \text{ e } \vec{n} \text{ teñen a mesma dirección}$$


$$\Leftrightarrow \vec{v} \text{ e } \vec{n} \text{ son linealmente dependentes.}$$



■ Se a recta r e está contida (ou é paralela) ao plano π :

$$\alpha = 0^\circ \Leftrightarrow \vec{v} \text{ e } \vec{n} \text{ son ortogonais} \Leftrightarrow$$

$$\Leftrightarrow \vec{v} \cdot \vec{n} = 0$$



Distancias entre puntos, rectas e planos

Distancia entre dous puntos

Sexan $A(x_1, y_1, z_1)$ e $B(x_2, y_2, z_2)$ dous puntos do espazo, a distancia entre eles é igual ao módulo do vector que une ditos puntos


$$d(A, B) = |\overrightarrow{AB}| = \sqrt{(x_2 - x_1)^2 + (y_2 - y_1)^2 + (z_2 - z_1)^2}$$

Distancia de un punto a un plano

■ Dado un punto $P(x_0, y_0, z_0)$ e un plano $\pi: ax + by + cz + d = 0$, a *distancia* entre ambos ven dada pola fórmula:

$$d(P, \pi) = \frac{|x_0 a + y_0 b + z_0 c + d|}{\sqrt{a^2 + b^2 + c^2}}$$

Distancia dun punto a un plano



$$\overrightarrow{AP} = \overrightarrow{AQ} + \overrightarrow{QP}$$


$$\overrightarrow{AP} \cdot \vec{n} = \overrightarrow{AQ} \cdot \vec{n} + \overrightarrow{QP} \cdot \vec{n} = \overrightarrow{QP} \cdot \vec{n}$$

$$|\overrightarrow{AP} \cdot \vec{n}| = |\overrightarrow{QP} \cdot \vec{n}| = |\overrightarrow{QP}| |\vec{n}| \cos(\angle QP, \vec{n}) = |\overrightarrow{QP}| |\vec{n}|$$

$$d(P, \pi) = |\overrightarrow{PQ}| = \frac{|\overrightarrow{AP} \cdot \vec{n}|}{|\vec{n}|}$$

A distancia entre planos paralelos pode calcularse coa fórmula anterior tomando como π un dos planos e como punto P un punto calquera do outro plano

A distancia entre unha recta e un plano paralelos pode calcularse coa fórmula anterior tomando como punto P un punto calquera da recta




Distancia dun punto a unha recta

■ Dado un punto $P(x_1, y_1, z_1)$ e unha recta r que ten por vector director $\vec{v} = (v_1, v_2, v_3)$ e pasa polo punto $A(x_0, y_0, z_0)$ e sexa $\vec{u} = (x_1 - x_0, y_1 - y_0, z_1 - z_0)$ o vector definido por AP , a *distancia* entre P e r ven dada pola fórmula:


$$d(P, r) = \frac{|\vec{v} \wedge \vec{u}|}{|\vec{v}|} = \frac{1}{\sqrt{v_1^2 + v_2^2 + v_3^2}} \begin{vmatrix} \vec{i} & \vec{j} & \vec{k} \\ v_1 & v_2 & v_3 \\ x_1 - x_0 & y_1 - y_0 & z_1 - z_0 \end{vmatrix}$$

Distancia dun punto a unha recta



$$\begin{aligned} \vec{AP} &= \vec{AQ} + \vec{QP} \\ \vec{u} \wedge \vec{v} &= \vec{AQ} \wedge \vec{v} + \vec{QP} \wedge \vec{v} = \vec{QP} \wedge \vec{v} \\ |\vec{u} \wedge \vec{v}| &= |\vec{QP} \wedge \vec{v}| = \\ &= |\vec{QP}| |\vec{v}| \operatorname{sen}(\angle \vec{QP}, \vec{v}) = |\vec{QP}| |\vec{v}| \\ d(P, r) &= |\vec{PQ}| = \frac{|\vec{u} \wedge \vec{v}|}{|\vec{v}|} \end{aligned}$$

A distancia entre rectas paralelas pode calcularse coa fórmula anterior, tomando como r unha das rectas e como P un punto calquera da outra recta



Distancia entre dúas rectas que se cruzan

■ Sexan r e s dúas rectas que teñen como vectores directores $\vec{v} = (v_1, v_2, v_3)$ e $\vec{u} = (u_1, u_2, u_3)$, e que pasan polos puntos $A(x_1, y_1, z_1)$ e $B(x_2, y_2, z_2)$ respectivamente, e sexa $\vec{w} = (x_2 - x_1, y_2 - y_1, z_2 - z_1)$ o vector definido por AB , a *distancia* mínima entre r e s ven dada pola fórmula:

$$d(r, s) = \frac{|\vec{v} \wedge \vec{u} \wedge \vec{w}|}{|\vec{v} \wedge \vec{u}|} = \frac{\begin{vmatrix} v_1 & v_2 & v_3 \\ u_1 & u_2 & u_3 \\ x_2 - x_1 & y_2 - y_1 & z_2 - z_1 \end{vmatrix}}{\begin{vmatrix} \vec{i} & \vec{j} & \vec{k} \\ v_1 & v_2 & v_3 \\ u_1 & u_2 & u_3 \end{vmatrix}} \begin{vmatrix} \vec{i} & \vec{j} & \vec{k} \\ v_1 & v_2 & v_3 \\ u_1 & u_2 & u_3 \end{vmatrix}}$$

Distancia mínima entre dúas rectas que se cruzan

